



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada sobre a calidade e innovación, o camiño para reducir custos e incertezas no proceso construtivo

CONVOCATORIA: Xornada Calidade e Innovación

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	4
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 14/05/2016 - 00:00h ao 25/05/2016 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Entre os obxectivos principais desta xornada podemos destacar os seguintes:

- Reducir os custos na cimentación empregando técnicas innovadoras na realización do estudo xeotécnico. Falarase primeiro das exixencias ditadas no CTE en canto ao estudo xeotécnico, para, a seguir, expor as ferramentas que permiten mellorar a tensión admisible no caso das edificacións novas ou rehabilitacións.
 - Deseñar a cimentación do edificio en fase de redacción do proxecto para prever e reducir a radioactividade natural nas vivendas en zonas proclives. Exporanse as ferramentas de medición e control que se realizarán no momento da execución do estudo xeotécnico e informarse da lexislación vixente e futura ao respecto.
 - Explicar e fomentar as técnicas que existen na actualidade para avaliar o estado das edificacións e as súas patoloxías. Trataranse desde ferramentas para analizar o estado das estruturas ata outras para estudar a envolvente e a eficiencia enerxética do edificio.
- Así mesmo, comentarase o que dispón ao respecto a vixente Instrución EHE-08, CTE e demais regulamentación. Ademais, abordaranse as axudas da Administración para a mellora da eficiencia enerxética.

DESTINATARIOS

Arquitectos, arquitectos técnicos e técnicos en xeral das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, profesionais e persoas interesadas en xeral

PROGRAMA

Trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Optimización da cimentación a través do estudo xeotécnico axeitado. Exemplos de aforro
- Mellora da salubridade das vivendas e o control da radioactividade natural
- Ferramentas a disposición da Administración e das D. O. para avaliar o estado das edificacións. Axudas da Administración para a mellora da eficiencia enerxética

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas limitado pola capacidade do local

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 27/05/2016 a 27/05/2016

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 27 de maio de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA